

# Creando empresas saudables



## Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

### Problema: Participación II

#### Causas:

1. Falta de resposta ás propostas ou interrogantes realizados polos membros do equipo.
2. Dilación na resposta.
3. Apropiación de ideas por parte do equipo directivo e asunción dos méritos.

#### Consecuencias:

1. Desmotivación dos traballadores nos seus postos de traballo.
2. Redución da participación dos traballadores
3. Creación de sentimentos de fracaso e de rancor ao ver monopolizadas as ideas por parte doutros.
4. Falta de implicación na consecución dos obxectivos da empresa.

#### Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

- 1- Crear áreas de traballo común que permitan o desenvolvemento das persoas e a comunicación libre das súas achegas.
- 2- Comunicar as áreas de mellora e abrir canles de participación entre todos os integrantes da empresa.
- 3- Programar un plan de resposta ás suxestións enviadas e cumprilo.
- 4- Comunicar asertivamente as ideas aceptadas e as rexeitadas e o seu porqué.
- 5- Reunións persoais cos integrantes dos equipos de traballo para recibir un *feedback* directo.

## Creación dunha contorna saudable de traballo